

Lugópolis



Equipo de Normalización Lingüística
IES POLITÉCNICO

Lugo, maio 2007 LU-433-1995

13



María Mariño

María Mariño naceu en Noia o 8 de xuño de 1907, onde residiu durante poucos anos. Procedía dunha familia de clase media baixa, a súa nai era costureira e seu pai zapateiro.

María era coñecida como a “fiscala” porque seu pai fora nomeado “fiscal de paz” e, á vez, a nai traballaba na casa do fiscal.

Ao longo da súa vida viviu en diferentes lugares; durante a Ditadura de Primo de Rivera vai vivir ao Páramo (Boiro), onde tivo os primeiros contactos coa literatura. Pouco máis tarde coñecerá ao que foi o seu home, Roberto Pose Carballido, mestre de profesión, primeiro en Santiago, logo en Elantxove e finalmente en Romeor do Courel; e foi alí, no Courel; onde María Mariño comezou a súa andaina de poeta tras coñecer unha persoa moi importante para ela: Uxío Novoneyra.

No ano 1947 Roberto é nomeado mestre propietario da escola de Parada do Courel, onde o matrimonio pasará vinte anos. Neste pobo, María coa axuda de Novoneyra, atopa unha nova razón para vivir e o ambiente axeitado para superar as súas doenzas emocionais.

María estaba “casada co Caurel” onde foi querida e admirada e onde pasaba moito tempo escribindo e lendo; pero co paso do tempo ansiaba abandonar estas terras para marchar á costa. Foi nesas, cando comezou a escribir en galego aínda que tamén escribiu algún poema en castelán.

María Mariño ten dous libros de poemas escritos en galego: “Palabras no tempo” que consta de setenta poemas e divídese en tres partes: a primeira formada por 35 poemas que falan da súa vida desde que marchou de Noia para o Courel. Trata de diferentes temas como por exemplo a nostalgia da súa nenez:

“ rapaza para a fiada, correndo co ollar da lúa”

ou o afastamento de Noia:

“e logo, pasando a Ponte, camiño da Pedra Chan”



A segunda parte consta de 29 poemas onde a poeta establece un diálogo constante coa natureza:

“O río canta de vello.

Do vento é o mesmo zoar.

Chove, Chove. O sol quenta (...)”

ou constrúe fermosas reflexións sobre o paso do tempo:

“onte os días, as noites iban facendo os meus anos”

A terceira parte consta de 6 poemas que tratan dous temas novos: a relación da escritora coa transcendencia íntima do acto creativo e a súa comunión coa natureza.

O segundo e derradeiro libro da autora é “Verba que comeza”: un poemario composta por 30 poemas que María escribiu nos últimos anos da súa vida cando xa padecía leucemia.

M. Mariño viviu os seus derradeiros días no Courel, mais pese amar esta terra e sentirse identificada con ela, María sempre tivo morriña polo mar, e nunca puido volver pola oposición do seu home.

Con moitas penas e algunha que outra ledicia a poeta deixa o mundo no 1967 nas terras courelás tras unha longa enfermidade.

Alumnos de Literatura Galega do século XX

A COURELÁ DE NOIA

“Para lela precisase un noviciado de soedade e de silencio”. Con estas fermosas palabras prologou o mestre Otero Pedrayo Palabra no tempo, o primeiro poemario de María Mariño.

A poetisa senlleira que traballou de moza como costureira, foi ganduxando os seus versos ao longo da súa vida, enliñando a agulla novamente tralas fendas producidas pola estela de traxedias familiares, tormentos e desánimo que a acompañaron ata a súa desaparición: “*Días e días tecín na tea do meu tear*”.

Só un home foi quen de persuadila para que á fin lle dese forma a esa colección que levaba confectionando e ornamentando con elementos da natureza (“*Viste a Naturaleza vestido feito por min*”), e que o Courel lle forneceria precisamente todo o material poético para poder rematalo e presentarse en sociedade en 1963 coa indumentaria máis fermosa: Palabra no tempo. Setenta traxes para todas as idades e estacións:

“*Son a chuvia, son a neve, son o vento da xeadada.*

*Son a alba daquel vivir,
hoxe noite daquel sentir*”

O libro aparece nunha colección fundada e dirixida por Uxío Novoneyra titulada: “*Tesos cumes*”. Quizais tan tesos e con tanta altura que ningún outro poeta a continuou, ou quizais alguén quería que así fose.

Neste poemario amósanos a nostalgia da nenez noiesa, os seus sentimentos máis íntimos, o desacougo, o paso do tempo, a paisaxe, o amor disfrazado de amizade... Os poemas viaxan do

mar á montaña, da nenez á madurez; nostalgia da auga e resignación na terra montañesa da que nunca máis se separaría. Vinte anos no Courel deixarán unha pegada vital e literaria indeleble. Estas paisaxes prístinas provocarán na poetisa un efecto terapéutico, liberador, como se pode tirar deste verso: “*Teño nela o meu socorro*”. Da mesma maneira o paso do tempo está presente en toda a obra, desde os mesmos títulos: Palabra no tempo e Verba que comeza, ata os versos máis emotivos: “*Meu tempo!-cramei chorando*” ou: “*Pasou o tempo de ter. Aquil tempo de medrar!*”

Tempo e tempo e o mesmo tempo....”

A edición póstuma do seu segundo e derradeiro libro, Verba que comeza (1990), presenta unha visión existencialista da vida, amarga, unha voz que desaparece lentamente consumida polo deterioro físico e emocional. Son vinteseite composicións escritas entre 1966 e 1967, poesías de agonía onde o versolibrismo campa ás súas anchas a modo de catarse fronte a ese calvario que estaba padecendo.

Léndoa, presinto a sombra de Rosalía, alonxadas no tempo pero próximas no sentir. Hai tamén unha vida con matices semellantes: as dúas chorran a morte dun fillo, da nai; camiñan desterradas á beira dun home por mor do seu traballo; séntense infelices, insatisfeitas, son mulleres ás que non se lles recoñeceu en vida a valía literaria; escriben un último poemario coa morte rondandoas, con enfermidades terminais reflectidas nunha voz que se extingue levemente. Que similitude entre tantos versos ! :

ROSALÍA

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal...”

“Íñase á mañescida
tornaba coa serán;
mais que fora ou viñera
ninguén llo ña a esculcar”

“...mollo na propia sangue a
dura pruma,/ rompendo a vena
hinchada,/ i escribo..., escribo...,
¿para que? ¡Volvede
ao máis fondo da ialma,
tempestosas imaxes”

“Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades

“Este barro mortal que envolve
o espírito/ ¡quén o entenderá,
Señor?...”

MARÍA

“Días e días tecín na tea do meu tear”

“Son aquela!
Son aquela sempre soia
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba
a ver si nela afogaba”

“...para que este meu sentir
con vida e sin vivir
dea feito a súa meda”.

“Campanas que tocaes
todas do mesmo xeito,
unhas chegádesme a alma
e outras o pensamento”

“Quén entenderá este mar vello?
É outono i en min nace primavera”
Quén o entenderá?”

Podemos, daquela, falar de influencias? Se nos cinguimos ao seu biógrafo, sabemos que a autora frecuentaba a biblioteca do Pazo das Torres de Goiáns. Se admitimos a opinión de Novoneyra, María Mariño case non leu libros. Dá o mesmo. O seu legado poético é esencialmente intimista: desde o seu refuxio espiritual, o sentimento paisaxístico cobra vida, mergúllase na súa alma e rezuma nos seus versos cunha delicada sensibilidade.

Todo o mérito é dela, mais non debemos esquecer o pulo que lle deu Novoneyra coa súa amizade incondicional e o agarimo que o poeta coureliano lle brindou nesa “mar calma” cando ela navegaba “nun mar fondo”

Carmen Abelleira

-O ARBRE SECO-

*Adeus, arbre de anos feito!
__dinche as xeadas que che queimaron, o sol que
che quentou
i o vento que por ti pasou.*

*Donde...aquelas noites frías
con mirada branca pola neve?*

*Agora
outra,
com ´aquela de aqués días,
mirarás ecendido pola dor
o noso rostro que chegadiño a ti,
vela no lar a túa última coor...*

*Composición pertencente ao poemario Palabra no tempo,
“O ARBRE SECO” préntase como un bo exemplo da obra descritiva de María Mariño.*

Análise

Este poema caracterízase pola comuñón entre estética e mensaxe. Un léxico dinámico e sinxelo adorna a expresión; o comezo, de carácter exclamativo, introduce o tema central, o paso do tempo. Mediante o uso da personificación, María Mariño consegue un efecto cálido, cercano, no orixinal tratamento das expresións (“xeadas que che queimaron”).

Por outra banda, continúa a composición cun cambio de plano temporal: a autora aborda o pasado, dende un punto de vista nostáxico, aderezado con certas connotacións de frialdade (“noites frías”) e claridade (“mirada branca”).

Na derradeira estrofa o poema volve cara o presente. Reitérase o nostáxico pasado, e María Mariño utiliza un adxectivo (“encendido”) moi significativo para representar ese derradeiro suspiro da árbore, en presenza de aqueles que o viron crecer e agora o acompañan, velando a súa última coor....

Para rematar, cabe destacar a importancia da natureza no poema e as múltiples referencias que se fan, ao longo dos versos, mostrando unha visión plenamente paisaxística.

Forma

Desde o punto de vista formal, o poema reúne un rico conxunto de recursos que buscan, por enriba de todo, expresividade. Destaca algunha metáfora (“a túa última coor...”), figuras como o paralelismo nos versos 2º, 3º, 4º, o hipébaton do principio (“de anos feito!”) ou a elipse na segunda estrofa. Tamén hai un circunloquio (“...de aqués días”) que reforza a mirada de volta ao pasado. Pero todo isto vese aderezado pola perpetua presenza da personificación (“dinche...”, “con mirada branca...” ou “mirarás...”), elemento importante no poema e símbolo da despedida.

Comparación

Como apunte, dicir que este poema é comparable a outra composición de Antonio Machado, "A un olmo seco". Ámbolos dous comparten a visión triste da árbore, e, máis importante aínda, o tratamento que fan os dous

do paso do tempo pode relacionarse co coñecido "camiño machadiano", a continuidade do tempo, da vida, sempre adiante.

Comentario de Antón Abelairas
2º B-H



VEMONOS

- I -

Hai sete anos que teño a honra de dirixir o IES Politécnico de Lugo, o noso centro, e o orgullo de contar cun cadro de compañeiros que me axudaron moito máis aló da amizade e do deber profesional. Ao longo deste tempo, foron moitas as accións emprendidas e levadas ao cabo, en equipo, coa vontade que infunde a ilusión.

Por riba de calquera outro obxectivo, perseguín a defensa da dignidade, a da Institución e a de cada un dos que integramos a súa comunidade: o noso máis grande valor. Ata onde fun quen de conseguilo, queda ao voso xuízo. Xuízo que espero emitades logo do tempo, coa perspectiva que lle outorga e a benevolencia que lle engade.

En todo caso, pídivos desculpas polos erros cometidos, na seguridade de que nunca foron intencionados.

Chegado o final do segundo mandato, deixo a Dirección para que outra persoa tome o relevo con ideas frescas e forzas renovadas. A ela, e a todo o seu equipo, quero transmitirles o recoñecemento por asumir a responsabilidade, e o desexo sincero dos maiores éxitos, aos que todos debemos colaborar, porque serán de todos.

En fin, o meu eterno agradecemento a todos os que contribuístes a facer un centro mellor, a conseguir que todo funcione e a propiciar unha convivencia sa.

Grazas, e ata sempre...

- II -

Co final deste curso, chega tamén a despedida de tres persoas que representan moito, para min e para o centro.

Dona Concepción Ruíz, persoa que agocha a súa bondade detrás da aparencia para escapar das honras, e que tantas cousas (eu seiño ben) conseguiu para os "seus alumnos".

Don Manuel Méndez, amigo da alma e profesor que acolleu a responsabilidade de coordinar a formación en centros de traballo e as relacións institucionais do centro coas empresas. El axudou a que o IES Politécnico de Lugo sexa un referente entre os industriais e empresarios lucenses.

Dona Berta Carballas, exemplo de profesionalidade, que dirixiu o Centro e lle deu prestixio por case tres lustros, e que para min será por sempre a miña directora.

Sen vós, xa nada será o mesmo...

Celestino Mendaña Pardo

A VOLTAS COS EXAMES

Bríndovos unhas frases de ritual que indican con claridade que algo non vai ou non irá ben nos exames. Case que todos dixemos algunha e, de seguro, as escoitamos moitas veces.

DOS ALUMNOS

1. O exame non era mañá?
2. Que raio vos picou para estar todos repasando as integrais?
3. En que parte dos apuntes está iso que estás mirando?
4. Contestei ben tres preguntas de cinco... ¡Espera, aquí di que esas puntúan menos cas outras!
5. Así que Tiziano non é defensa do Real Madrid...
6. Oes, que quixo dicir o profesor con iso de que as prácticas, as que non fun, fan media co exame?
7. A lista está por orde de nota?... Pois non me encontro...
8. Espera...A todos dávos mal a integral menos a min!!!
9. Había folla dúas de preguntas?

DOS PROFESORES

10. Nada de calculadoras, esas raíces cúbicas poden facerse a ollo perfectamente.
11. Sen preguntas. Xa fixemos un problema igualiño na clase... Creo.
12. Lembrades aquel tema que dixen que CASE seguro non caería no exame...?
13. Neste exame, se queredes, podedes utilizar o libro e os apuntes.
14. Teredes un descanso para a cea e outro para o almorzo.

Pero, se as cousas van mal, aínda queda a revisión do exame.

15. Anda, se esta pregunta puntueicha dúas veces!
16. ¡Advírtoos que se reviso o exame, REVÍSOO TODO!
17. Admito que soamente fallou unha pregunta, pero era a máis importante das 223!
18. Pérez!, vostede pasouse de esquemático. En cambio, López, vostede estendeuse no que non se pedía...
19. A, sí! Suspendino, vasicamente, pola hortographía.

E se cremos ter superado todos os atrancos, AINDA QUEDA O DERRADEIRO:

20. Suspéndoo polo seu ben, porque sei que pode dar máis de si...

Ata setembro!...

DIRIXIDO A ALUMNOS DE 2º DE B.A.C

Sobre textos traballados nas clases de Lingua Española

Na increíble e triste historia da cándida Eréndira e da súa avoa desatinada, García Márquez segue a liña do realismo máxico de Cen anos de soidade. Pretende crear un mundo literario máxico e sorprendente que capte a nosa atención polo estraño dalgunhas imaxes e escenas (a enorme mansión de argamasa lunar; o personaxe desmesurado da avoa, tatuada cun escarnio de mariñeiros; o seu baño perfumado no alxibe) que nos apartan da realidade, do vulgar e cotián para introducirmos nun ambiente fantástico desexosos de coñecer cal é a desgraza de Eréndira que o autor anuncia, nunha anticipa-

ción estratéxica, nada máis iniciarse o relato. A súa simpatía pola nena e o desagrado que lle causa a avoa transmítense ao lector que continúa lendo cun posicionamento claro. Non é alleo a este sentimento o retrato caricaturesco da anciá, quizais hiperbolizado para que o contraste coa fragilidade e inocencia da nena se faga evidente. Por esta razón cando, a través da lectura do conto, comprobamos a crueldade da avoa cualificada polo autor de desalmada, a nosa compaixón intensifícase e esténdese a todos os nenos sometidos ao abuso dos seus pais ou de sociedades subdesenvolvidas.

O maior dano que causa a televisión

Puidera parecer impropio dun destacado psiquiatra como Alejandro Rojas Marcos publicar un artigo cuxo tema é unha obviedade. Con todo, as medidas de audiencia das distintas canles de televisión suxiren que moitas persoas cren que todo o que se ve a través deste medio é bo. Doutro xeito, non se explicaría a permanencia durante meses ou anos de programas que, obxectivamente valorados, son auténticos disparates.

As canles que están ao alcance de calquera usuario réxense máis por criterios comerciais que doutro tipo. E é comprensible que teñan éxito, pois grande parte do público ten unha formación cultural escasa e unha sensibilidade estética pouco desenvolvida. Se o sistema educativo (de calquera país) fose eficiente, as futuras xeracións poderían obrigar a cambiar



estas programacións televisivas cutres e realizadas para persoas cun baixísimo nivel de esixencia. Con todo, a situación é difícil pois, como

no mito de Penélope, o que a escola puidera conseguir sería destruído pola permisividade das familias con esa mentalidade da que antes falabamos. E os máis afectados son os nenos, cuxas mentes se abren receptivas a todo tipo de imaxes e son alimentadas con simplezas ou con violencia e sexo inadecuados á súa idade.

A televisión supón un avance tecnolóxico importantísimo pero se está

usando, en xeral, como elemento deformante de gustos e consciencias polo desmedido afán de persoas irresponsables cuxo único fin é facer negocio.

Que a España da década dos 20 é diferente á actual parece unha verdade indiscutible. Tamén o é que, naquela época, existían grandes figuras no campo das letras, as artes e as ciencias, e grandes pensadores como D. José Ortega e Gasset, D. Eugenio D'Ors ou D. Gregorio Marañón que, seguindo a tradición ensaística da Xeración do 98, e procedentes de diversos campos do saber, actuaban como renovadores das ideas do momento.

O que eu non afirmaría con tanta seguridade como o autor é que esta España actual sexa mellor que aquela; e isto por diversas razóns:

En primeiro lugar, unha sociedade carente de elites intelectuais ou, como di o autor. descerebrada, terá moi difícil saír da mediocridade, na que o avance dun pobo é imposible. A perda de valores de todo tipo (e non me refiro só aos morais) do pobo romano ao final do Imperio fixo posible o seu dominio pola forza bruta dos bárbaros.

A sociedade está alfabetizada pero, en amplos sectores, confúndese a subcultura cunha auténtica cultura, a do coñecemento dos grandes acontecementos e da obra excelsa de moitos dos nosos antepasados. Eses cidadáns, imbuídos do orgullo de crer que son o que non

son, ou de que saben o que non saben, permítense, non opinar, que nisto están no seu dereito, senón discutir de Medicina co médico; de Leis co avogado; de pedagogía co educador ou de Teoloxía co Teólogo. É, xa que logo, en grande parte, unha sociedade de ousados intelectuais que dificilmente poderá saír da medianía. E esta medianía afecta, tamén, á política; porque a democracia faise cos votos de xentes pouco críticas que deciden visceralmente polas súas filias e as súas fobias sen analizar programas, sen distinguir ao charlatán do político serio que cumpre as súas promesas.

En canto á crispación, si existe (aínda que, afortunadamente, non nos leva a enfrontamentos bélicos) como mostra o terrorismo e os seus secuaces, os alaridos de satisfacción de certo público ante os feroces insultos dos seus líderes políticos aos seus adversarios, a violencia entre partidarios de distintos equipos de fútbol ou as reaccións xenófobas que algunhas veces presenciamos.

Por isto e por moitas outras razóns, sen contradicir ao autor do texto, debo manifestar que non teño tan clara como el a conclusión.

SOLTOS

Os/as alumnos/as de 2º ESO-A quedaron finalistas nun programa da Consellería de Sanidade titulado "CLASES SEN FUME"

O día 24 de maio irán a Santiago. Desde aquí desexámoslles moita sorte e que acaden un bo premio na final

SORTE!

A alumna de 3º ESO-A, Nerea Armendáriz Barreira acadou o 2º premio no "VI CONCURSO DE DEBUXO EDUCACIÓN VIARIA-CIDADE DE LUGO" convocado polo CONCELLO de LUGO.

NORABOIA!

MIAO XIN LI

Ola a todos, son Miao Xin Li e son chinesa. Cheguei a España no ano 2004, cando cheguei impresionoume o bonito que é este país e á vez estaba un pouco triste por verme separado do meu avó e da miña avoa.

A xente de aquí é moi sociable e alegre, e acostuma axudar ao estranxeiro. Cando cheguei non sabía falar nin entendía o castelán e resultábame imposible a comunicación, pero pouco a pouco fun aprendendo o idioma e agora o falo coma unha española.

A min gústanme as festas, como as de San Froilán, tamén me gusta moito a comida típica de España, nunca probei unha comida tan boa.

Fun de excursión coas miñas compañeiras de colexio e paseino moi ben.

Despois de todo isto naceu en Lugo a miña irmá. A verdade é que ao principio non me gustou moito, choraba seguido e pola noite non me deixaba durmir, pero pouco a pouco funme afaendo e xa non me desgusta.

Cando rematei o colexio, matriculeime no Instituto Politécnico, aquí coñecín moitas amigas e unhas compañeiras que son moi boas comigo. Os profesores e profesoras son moi

simpáticos e axúdanme moito nos meus estudos.

Neste tempo coñecín varias cidades españolas: Almería, Melilla, Córdoba, Sevilla, Salamanca, Huelva, Granada. Son cidades maravillosas que me gustaron moitísimo.

Os meus estudos no instituto son difíciles, teño que aprender galego, saber escribilo e lelo.

Algo que me chama a atención é a pouca xente que hai nas rúas de Lugo. Algunhas cidades chinesas están moi poboadas, por exemplo a cidade de Shangai e o seu entorno ten unha poboación como a que ten toda Australia; e Pekín e os seus arredores crece cada ano en habitantes o equivalente a dúas veces a poboación que ten a cidade de Vigo, en Galicia.

Este verán terei que traballar axudando aos meus pais no restaurante que abriron recentemente na rúa Cedrón de Valle, que por certo leva o meu nome "Mio Xin".

Esta é a miña pequena historia, e espero no próximo número da revista contarvos algunha cousa máis da cidade onde nacín: Pekín

Ata entón saúdo a todos os profesores e aos meus compañeiros.

Miao Xin Li

MARÍA

Ola! son María, veño de Romanía e vouvos contar a miña historia. Cheguei a España no mes de agosto de 2006. A viaxe foi moi amolante pero tamén moi curiosa. Vin Hungría, Austria, Alemaña, Francia e España.

Gústame España pero tamén, coma a calquera estranxeiro gústame o meu país, Romanía. En España hai lugares moi bonitos, mais en Romanía tamén e vós coñecedes un deles: o castelo de Drácula.

A forma de vida que hai aquí é moi diferente á que hai en Romanía, tamén os costumes; pero algunhas das festas que hai aquí, hainas tamén en Romanía.

Non sei se sabedes que cando me incorporei ao Instituto Politécnico sufrín, imos chamalo un “acoso escolar” por parte dunhas alumnas das que non vos vou dicir os nomes, pero como

son forte pasei por todo. Quérovos dicir que nós os alumnos de 1ºA, 1ºB, 2ºA e 2ºB temos uns profesores moi bos porque a min me axudaron moito para acostumarme e tamén os meus compañeiros o fixeron.

Eu doulles as grazas por todo. Gústame moito estudar, dar paseos, viaxar.....pero tamén ter amigos de confianza. Como calquera persoa teño cousas que me desgustan; non me gusta que os demais falen de min por detrás, prefiro que me digan as cousas á cara, é mellor.

Para min o que habería que mellorar son os alumnos que tratan mal aos estranxeiros, non todos somos iguais, en todo o mundo hai xente boa e xente mala e creo que eu formo parte da boa.

Esta foi a pequena historia da miña vida. Agora estou estudando moito para poder ir de vacacións a Romanía no verán.

Butmaru María 1º ESO - A

PREMONICIÓN

Hoxe fora un día moi estraño, Natalia cumpría sete anos e de entre os sete días da semana era hoxe cando a mestra de música lles facía repetir as sete notas musicais unha tras outra, era hoxe cando tivera que pintar o arco da vella coas súas sete resplandecentes cores, e era hoxe cando o seu gatiño esgotara as súas sete vidas. Natalia repara nisto e non pode deixar de pensar nesta máxica cifra. Na súa cabeza só existe ese número: sete pecados capitais, ano 2007, a roupa non se pode rachar cun dous, un catro... non, sempre un sete. Comeza a desesperarse cando de súpeto esperta, o espertador está soando, todo fora un soño. Mira a hora no reloxo e son as sete, sorri pola casualidade. A súa irmá dorme a seu carón. “Que soño máis estraño tiven, se cho conto non o cres!” A súa irmá nese momento só lle interesa durmir e contéstalle cun desagradable: “Natalia, se te calaras...” Non lle importa, xa llo contará. Cavilando no soño deduce que se sempre lle gustou o número sete e que o seu sétimo aniversario motivara o soño. Pero do que Natalia non se decata é de que ese día é o sétimo do mes, que o seu nome ten sete letras, que vive no portal sete e que a súa irmá a desprezara cun misterioso: “SETE” calaras..!! Parece que o soño se repite... Todo aquilo era un sinal, Natalia debía reparar naquel número. Sen embargo ela intenta esquecelo e continúa coa súa vida diaria. Sae cara o colexio e agarda polo autobús.



Cando está xa chegando ao colexio volve reparar, “Que autobús collín?” Non hai dúbida o número sete. Atópase mal, algo dentro dela impúlsaa a baixar do autobús, non quere estar alí, pero xa é tarde. Un freado, a inercia faina moverse con brusquidade xunto cos demais pasaxeiros, un ruído forte, todo da voltas e non o poder parar, agora xa todo está en silencio, todo está tranquilo, xa non hai autobús, nin pasaxeiros. Agora só está Natalia voando cara o sétimo ceo, comprendéndoo todo, un sinal, todo fora un sinal...

**Silvia Rodríguez Regueiro
Isabel Manchado Rodríguez
1º BAC Tecnolóxico A**

APRENDER A PENSAR

No pasado cando a xente se mergullaba nas bibliotecas, sempre aproveitaba o tempo, estudar, investigar, coñecer historias. Agora estamos na era de Internet, e con tan só pequenos clics pódese achegar a historias de calquera tipo, e esta é unha delas:

“Moitas veces nun colexio o facultade, un alumno ten unha idea distinta, unha idea que o profesor non contemplou, que non chegou pensar. Unha idea: nin máis nin menos ca iso. E a reacción do docente non é a esperable: pensar co alumno, deixarse desafiar por alguén que propón un ángulo diferente.”

“Sir Ernest Rutherford, presidente da Sociedade Real Británica e Premio Nobel de química en 1908 mencionaba a seguinte anécdota:

- Hai algún tempo, recibín a chamada dun colega. Estaba a piques de poñerlle un cero a un estudante pola resposta que dera nun problema de Física, pese a que este afirmaba rotundamente que a súa resposta era absolutamente acertada.

Profesor e estudante acordaron pedir a arbitraje de alguén imparcial e fun elixido eu.

Lin a pregunta do exame e dicía: ¿Que faría vostede para medir a altura dun edificio coa axuda dun barómetro?

O estudante respondera: “Leve o barómetro a azotea do edificio e átelle unha corda moi longa. Descólgueo ata a base do edificio, marque, e mida. A lonxitude da corda é igual ca lonxitude do edificio”.

Realmente, o estudante plantexara un serio problema coa resolución do exercicio, porque respondera ben a pregunta, correcta e completamente.

Por outro lado, se se lle concedía a máxima puntuación, podería alterar a media do seu ano de estudos, obter una nota máis alta e así certificar o seu alto nivel en Física; pero a resposta non confirmaba que o estudante tivera tal nivel.

Suxerín que se lle dera ao alumno outra oportunidade. Concedínlle seis minutos para que respondera a mesma pregunta, pero esta vez coa advertencia de que na resposta debía mostrar os seus coñecementos en Física.

Pasaron cinco minutos e o estudante non escribira nada.

Pregunteille se desexaba marchar, pero contestoume que tiña moitas respostas ao problema. A súa dificultade radicaba en elixir a mellor de todas.

Escuseime por interromper e rogueille que continuara. No minuto que quedaba escribiu a seguinte resposta:

“Agarre o barómetro e tíreo ao chan desde a azotea do edificio. Calcule o tempo de caída cun cronómetro. Despois aplicas a fórmula:

Altura = $0,5 \cdot g \cdot T^2$ (Onde g é a aceleración, da gravidade e T é o tempo que un acaba de calcular co cronómetro)

E así obtemos a altura do edificio.”

Neste punto pregunteille ao meu colega se o estudade se podía retirar. Deulle a nota máis alta.

Tras abandonar o despacho, reencontreime co estudante e pedínlle que me contara as súas outras respostas á pregunta.

“Ben”, respondeu, “hai moitos xeitos. Por exemplo, suxeita o barómetro nun día soleado, e mide a altura do barómetro e a lonxitude da súa sombra. Se medimos a continuación, a lonxitude da sombra do edificio e aplicamos una simple proporción, obteremos tamén a altura do edificio”.

Perfecto, lle dixen, e doutra maneira? “Si”, contestou, “este é un procedemento moi básico para medir un edificio, pero tamén serve. Neste método, agarras o barómetro e sitúaste nas escaleiras do edificio na planta baixa. A medida que sobes a escada, marcas a altura do barómetro e contas o número de marcas ata a azotea. Multiplicas o final a altura do barómetro polo número de marcas que fixeches e xa temos a altura. Este é un método moi directo.”

“Por suposto, se o que un quere é un procedemento máis sofisticado, pode atar o barómetro a unha corda e movelo coma se fose un péndulo. Se calculamos que cando o barómetro está a altura da azotea a gravidade e cero e se temos en conta a medida da aceleración da gravidade o descender o barómetro en traxectoria circular ao pasar pola perpendicular do edificio, da diferenza destes valores, e aplicando una sinxela fórmula trigonométrica obtemos, sen dúbida, a altura do edificio”

“Neste mesmo sistema, atas o barómetro a unha corda e o descolgas dende a azotea á rúa. Usándoo coma un péndulo podes calcular a altura medindo o seu período. En fin remato dicindo que existen outras moitas maneiras”.

“Probablemente, a mellor sexa tomar o barómetro e golpear con el a porta da casa do conserxe. Cando abra, dicírlle: señor conserxe, aquí teño un bonito barómetro. Se vostede me di a altura deste edificio, regálollo.”

Neste momento da conversa, pregunteille se non coñecía a resposta convencional ao proble-

ma (a diferenza de presión marcada por un barómetro en dous lugares diferentes proporciónanos a altura entre ambos lugares)

Díxome que si, que evidentemente a coñecía, pero que durante os seus estudos, os seus mestres ensinaranlle a pensar.

O estudante chamábase Niels Bohr, físico danés, premio Nobel de Física en 1922, máis coñecido por ser o primeiro en propoñer o modelo de átomo con protóns, neutróns e os electróns que o rodeaban. Foi fundamentalmente un innovador da teoría cuántica.

Á marxe do personaxe e do divertido e curioso da anécdota, o esencial desta historia era que lle ensinaran a pensar.

COMPLEXOS E TRASTORNOS

Antes de abordar o tema e importante aclarar que desde o punto de vista psicolóxico é case imposible falar de persoas totalmente normais, xa que todos os seres humanos en maior ou menor grao teñen algo de paranoicos, narcisistas, histéricos ou obsesivos. Cada individuo é unha mestura única de calidades que configuran ese algo singular e case seguramente senlleiro que constitúen as diferenzas persoais. Agora ben, cando un de eses riscos se esaxeran fanse intolerables para os demais e para o individuo; xa hai síntomas de que algo non funciona ben.

Actualmente, popularizouse na linguaxe cotiá a palabra complexo para designar a unha persoa problemática. Sen embargo, a palabra complexo ten a súa orixe na escola psicanalítica de Zurich (por Bleuler e Jung) para referirse a situacións internas do individuo que se orixinan na infancia e que se manifestan en todos os niveis psicolóxicos e son moi específicos: Edipo, Castración, Electra, Inferioridade, Superioridade, Culpa e Paterno (hoxe en día tamén se fala de complexo de Peter Pan, Wendy e de Medea).

Na terminoloxía da psiquiatría e a psicoloxía actual, no lugar de complexos fálase de trastornos de personalidade, os cales engloban conceptos psicopatolóxicos mellor integrados.

Na sociedade contemporánea, son catro os trastornos máis frecuentes: *Obsesivo*, *Paranoide*, *Narcisista* e *Dependente*.

Cando unha persoa presenta un *trastorno obsesivo* compórtase como un perfeccionista esaxerado que se preocupa polos detalles ao máximo extremo e que á vez ten dificultades para tomar decisións. Os individuos que rodean o paciente con trastorno obsesivo percíbennos como un ser frío, racional e moralista, que crítica todas as expresións emocionais. O trastorno obsesivo soe ser confundido co complexo de culpa.

O individuo *paranoide* sempre pensa que é xulgado, ameazado ou prexudicado por os demais. Estas persoas caracterízanse por ser tensas, incapaces de relaxarse, non aceptan críticas e teñen pouco ou ningún sentido do humor. A paranoia é chamada popularmente complexo persecutorio.

O *narcisista* e aquela persoa que esixe que a admiren polos seus logros. Xeralmente se exhibe como alguén con moitos méritos (aínda non os teña) e á vez é incapaz de comprender os sentimentos dos demais e padece graves crises de envexa polos éxitos

doutras persoas. Con facilidade confúndese co complexo de superioridade.

A persoa que sofre o *trastorno de dependencia* é incapaz de tomar decisións propias, é temerosa de expresar desacordos por medo o rexeitamento. Facilmente se sente esmagada pola crítica máis inocente e ten grande dificultade para afrontar a soledade. Por estas características confúndense co complexo de inferioridade.

Outro trastorno importante, pero non tan común, é o *trastorno de distimia*. As persoas distímicas ignoran padecer un trastorno psicolóxico, pensan que o seu desánimo e a súa irritabilidade son parte da súa personalidade e que sempre foron así. Os distímicos soen ser persoas novas, que se frustran con facilidade, case sempre tristes e amargadas e con unha dificultade para gozar da vida e relacionarse, sofren hipersensibilidade, vertixe e insomnio.

José Expósito Fernández
1º BAC Humanidades

CREATIVIDADE

Por que hai persoas máis creativas ca outras? Está claro que fai falta un certo nivel de intelixencia por debaixo do cal é moi difícil ser creativo. Pero tamén está demostrado que, sendo un factor necesario, non é suficiente.

O neurólogo Simon Baron Cohen, descubriu que a maioría das mulleres son máis empáticas, e os homes eran a maioría máis sistematizadores; é dicir, o sexo feminino nace cunha facilidade para poñerse no lugar doutra persoa e o masculino, para lidiar con sistemas (pero isto non quere dicir que todos os homes non podan ser empáticos e as mulleres sistemáticas). Esta diferenza pódese aplicar os científicos e os artistas, todos os artistas son máis empáticos que as demais persoas.

Pero, por que? A resposta ten que ver cuns circuítos cerebrais que os neurólogos chaman

Inhibidores latentes. Cando se activan estes circuítos, tendemos a filtrar e mesmo eliminar toda a información, que non teña que ver coa tarefa que estamos executando.

Os artistas son máis creativos, simplemente porque non funcionan correctamente os inhibidores latentes. En lugar de centrarse no obxecto da súa investigación os artistas manteñen a mente aberta a un vendaval de ideas, que lles chegan do mundo exterior. Se os inhibidores latentes funcionan ben, un céntrase na súa tarefa ignorando todo o que sexa irrelevante, pero se non funcionan correctamente é máis fácil evadirse en calquera cousa que lle chame a atención e que lle inspire un novo tema e poder ser creativo.

José Expósito Fernández
1º BAC Humanidades

PROBLEMAS SOCIAIS DE ACTUALIDADE

OS NOSOS VELLÓS

Neste devir constante no que estamos inmersos na actualidade, xa ninguén indaga, xa ninguén valora o traballo de atrás, ninguén valora as súas raíces.

Quéixanse os maiores, “agora danvos todo feito, non tedes que pensar”

Seguro que os seus pais e avós tamén lles dixeron o mesmo e teñen moita razón, en parte. Por que?:

- Certo é que agora esta todo máis ao alcance das persoas e da mocidade. Por exemplo para beber o leite non temos que ir xunto da nosa rubia galega para sacar un caldeiro, ferve-lo e despois de quitar a tona, para os que non gusten dela, beber un vaso de leite. Xa non vos digo se temos que deixala arrefriar.

O caso exposto é unha esaxeración, pero non hai tanto tempo diso, máis de un saberao por experiencia. Tan só serve para ver onde estamos agora respecto do pasado, e as vantaxes que temos. Grazas a esas vantaxes temos máis tempo para liberar a nosa cabeza desas preocupacións tan básicas coma o comer todos os días, somos nenos de papá. Porque nolo permiten, e eu digo, grazas. Simplemente porque iso nos dá a oportunidade para pensar,

para saír fóra, para vivir a vida, para explotar o “carpe diem”.

Casos coma o noso, repetíronse máis illadamente ao longo do tempo. Xente baldeira de preocupacións, xente acomodada, xente que con pouco esforzo podía vivir ben.

Así apareceron os filósofos gregos, por vivir sen grandes preocupacións na alma, dedicáronse a satisfacer a súa curiosidade, o seu espírito indagador.

Todos eses personaxes compartían un valor en común: A experiencia e a fonte da sabedoría.

É aquí onde a nosa sociedade actual perdeu o norte, pode que as ondas electromagnéticas dos móbiles, pode que a caixa parva, as empresas...

Tan só debemos recordar que o poder ten a capacidade de silenciar o que non se debe falar. Máis que pola forza que exercen sobre nós, dominannos polo engano. Todo poder corromper, ata o máis ínfimo revela a verdadeira natureza de quen o ostenta. E, canto máis poder, máis posibilidades hai de corromperse

Hai moitas cousas nas que perder o tempo en botar culpas e así evadirmos da posible solu-

ción, abride os ollos e os oídos: ninguén quere que escoitemos os maiores, teñen medo que aprendamos de máis.

Os nosos vellos, máis ou menos cultivados, son, todos e cada un, unha mina de coñecementos. Cada un no seu campo, e todos no campo principal, a vida. Non hai mellor mestra, e senón sabemos aproveitar o beneficio da experiencia dos antepasados, volveremos tropezar nas mesmas pedras, nas mesmas trampas.

A min mesmo, sempre gostei de que a miña avoa me contara cousas tal e como ela as vivira, e coma se llas contaran seus avós hai anos.

Eu mesmo descubrín que tiven unha tataravoia da miña avoa que viviu as guerras carlistas, un tataravó xefe da policía secreta de Madrid a finais do XIX, e moitísimas historias máis. Xeografía, saber popular, teatro... son moitos anos, e asegúrovos que escoitándoos, estamos a facer un dobre labor, axudalos a afrontar con optimismo o fin das súas vidas e permitiéndolles quedar nas nosas lembranzas para sempre.

Grazas pola vosa lectura.

O NOVO FOGAR DOS NOSOS MAIORES

Cada vez son mais as persoas maiores que viven soas, moitas delas precisan coidados e atencións debido a que non se poden valer por si mesmas.

En moitos dos casos os anciáns non poden atopar esa axuda na familia; pode ser porque a familia viva lonxe deles ou traballen lonxe polo que non os poden coidar como eles precisan e merecen, aínda que tamén se pode dar o caso de que os anciáns lles supoñan un cargo ou estorbo á familia, algo que non entendo nin entenderei porque eles tamén serán vellos algún día.

En todos estes casos esa axuda que non teñen e precisan, recíbena moitas veces por parte de xeriátricos, asilos, centros de día.

Na actualidade está aumentando o número de centros deste tipo, algo que é bo para a nosa sociedade pois son moitas as persoas maiores soas que non teñen quen as coide, e se non tiveramos este tipo de centros con quen estarían? Pois soas, e moitas delas non se poden valer por si mesmas.

Cando vemos a unha persoa maior que necesita axuda o primeiro que adoitamos facer é darlle a espalda (que nos pode resultar o mais



cómodo), en moitos casos pensamos que como é unha persoa maior pois lle dá menos importancia, en realidade o que deberíamos facer é darlles a axuda que precisen, aínda que en moitos casos non a piden pero precisan (moitas veces dálles vergoña pedila), e deberíamos poñernos no seu lugar porque cando nós sexamos vellos tamén podemos precisar axuda.

Cando falamos dos xeriátricos adoitamos dicir que son sitios onde deixamos os maiores e que non nos van estorbar. Cando digamos isto estamos nun erro, porque quen somos nós para decidir quen é un estorbo? Moitas persoas que precisan destes centros atópanse soas, sen xente que os queira, que os aprecie e coide, e sobre todo que os escoite e comprenda. Porque normalmente cando nos fala unha persoa maior ou lle levamos a contraria sen coñecer porque ten esa opinión ou lle damos a razón sen máis, sen escoitalo.

Normalmente a maioría da mocidade cre que os maiores son estorbos, cargas que non serven, non os comprenden nin escoitan, cando van pola rúa e algún maior lles pide axuda eles fan que non escoitan.

Moitas dos maiores cando chegan a un xeriátrico veñen en condicións un pouco infrahumanas, pois ao estar sós están máis desamados, descoidados e como en moitos casos non se valen por si mesmos non poden alimentarse ben. Pero a principal cousa que traen con eles é a soidade, a cal lles quitou as ganas de vivir e as enerxías por vivir o que lles queda.

Moitos destes maiores que perderan as ganas de vivir pois non tiñan a ninguén que os animase a facelo, acábanas recuperando.

Realizan cousas que probablemente nunca fixeran nin puideran, como celebracións de Nadal nas cales reciben agasallos, celebran aniversarios, disfrázanse polo entroido.... Moitas destas cousas non as puiderón facer cando eran mozos pois tocoulles vivir unha época moito máis difícil ca nosa.

Nos xeriátricos pódennos dar os coidados necesarios do xeito que os precisen.

O persoal en moitos destes centros realiza o seu traballo sen máis, outros aparte de facelo entréganse os maiores, dállelo cariño que non tiñan, e que moitos fillos non lles dan, danlles ganas para seguir vivindo. Algúns maiores só precisan destes centros durante unha parte do día, ben sexa porque os fillos traballan e non poden coidar deles, ou ben porque no queren estar sós durante todo o día.

Gústame moito escoitalles dicir á xente que traballa alí que é un traballo que o os fai mellores persoas, que os maiores lles dan ganas de vivir e afrontar os problemas que teñen e seguir adiante.

Algunhas persoas din que ese é un mal traballo, que coidar anciáns é un noxo de traballo. Por que non se poñen na pel dos maiores? Un día eles serán vellos e poida que precisen que alguén os coide.

Espero que cheguemos ao día no que ningún ancián estea desatendido e non lle falte o cariño e amor que precisa e que os mozos nos comuniquemos máis con eles.

María Folgueira Fernández
1º BAC Tecnolóxico A

O RACISMO

O racismo é unha actitude ou un sistema social, que propugna e afirma que as persoas de diferentes grupos humanos difiren en valor e polo tanto xustifican a vantaxe económica, política e social dun grupo en relación aos demais.

O Día Internacional pola abolición desta discriminación é o 21 de marzo. O racismo, historicamente, serviu para xustificar o imperialismo, colonialismo, a escravitude e o xenocidio de

pobos enteiros. O racismo adoita estar relacionado co etnocentrismo e o chauvinismo cultural.

O racismo é xeralmente un termo aplicado ás accións dun grupo dominante nunha sociedade sobre outros. Outorgar ou reter dereitos ou privilexios baseándose na raza ou rexeitar asociarse con persoas pola súa raza coñécese como discriminación racial.

Tamén se chama racismo á pseudociencia que defende a existencia de varias razas de

seres humanos e a inferioridade dunhas respecto de outras. Este é un fenómeno mundial, que non distingue ningún sistema político específico, xa que o podemos atopar tanto en países de corte capitalista como socialista.

O racismo é unha afronta á dignidade humana básica e unha violación dos dereitos humanos. Un número de tratados internacionais trataron de terminar co racismo.

As Organizacións das Nacións Unidas utiliza unha definición de discriminación racial asentada na "Declaración sobre a eliminación de todas as formas de discriminación racial".

Nalgúns países hoxe en día está penalizado o racismo de penas menores ata penas máis maiores.

-Violencia Racista:

As actitudes racistas non só se manifestan no mundo laboral, no acceso á vivenda e a educación ou no uso da súa linguaxe. En moitos casos as vítimas sofren constantes ataques verbais e no peor caso físicos.

En Reino Unido téñense documentado máis de 25 mortes por motivos racistas nos últimos anos. En España, as ONGs rexistraron un incremento preocupante de ataques racistas violentos contra estranxeiros.

-O medo á diferenza:

En Europa, o racismo mantén unha estreita relación coas últimas correntes migratorias que proveñen basicamente do Sur e de Europa do Leste.

En España, algunhas ONGs falan abertamente de "racismo xeneralizado" contra a poboación estranxeira e a comunidade xitana do país. A realidade mostra que, ao abrigo das grandes cidades, o inmigrante non comunitario é vítima do chamado racismo social e choca con todo tipo de obstáculos que lle impiden alcanzar unha igualdade real de oportunidades.

-A tolerancia:

Este concepto implica non soamente respecto á diferenza, senón tamén á igualdade de oportunidades para todo o mundo e, en particular para os inmigrantes, que dispoñen de menos dereitos por non ter papeis.

As leis europeas de estranxeiría adoitan ignorar os inmigrantes en situación irregular que xa se atopan no seu territorio e a miúdo adop-

tan mecanismos de expulsión ou repatriación de persoas. O efecto do 11 de setembro tamén xerou máis prexuizos, sobre todo contra os musulmáns árabes.

-Prexuízo institucionalizado.

Partidos políticos e tamén algunhas figuras mediáticas seguen cualificando de "problema" ás minorías étnicas, en lugar de destacar a grande contribución destas minorías á sociedade de acollida e utilizan abertamente expresións como "avalancha", "oleada" ou "invasión".

-Sobre este tema persoas recoñecidas no ámbito mundial opinan:

- "O racismo é unha traxedia, pero o mundo pode atopar unha cura contra el" - asegurou o presidente Nelson Mandela.- "O racismo é un pecado que constitúe unha grave ofensa contra Deus". Estas foron as palabras que pronunciou Juan Pablo II.

- Fidel Castro opina con respecto ao racismo: "O problema da discriminación racial é, desgraciadamente, un dos problemas máis complexos e máis difíciles dos que a Revolución ten que abordar".

- "O racismo foi historicamente unha bandeira para xustificar as empresas de expansión, conquista, colonización e dominación e marchou da man da intolerancia, a inxustiza e a violencia". Rigoberta Menchú, dirixente indíxena guatemalteca, laureada co Premio Nobel da Paz.

- Gilberto Rincón Gallardo, destacou que en México existe unha cultura da discriminación, abertamente recoñecida polas autoridades e que, sobre todo, había disposición, a partir da sociedade, de combatela.

Con todo, aínda existe xente que vai á igrexa e é racista, xente que se chama revolucionaria e é racista, xente que se describe como unha persoa boa e é racista e tamén xente que se describe como unha persoa culta e é racista.

-Que son os prexuizos raciais? Tamén dentro deste contexto é importante sinalar que é un prexuízo racial. Pódese dicir que o prexuízo racial é o produto dun estado afectivo-activo o cal nunca é resultado dunha reflexión, é ese estado afectivo que non podemos nulificar a tra-



vés do razoamento non por demostración, o prexuízo racial é un estado influído polas circunstancias políticas e económicas. Os factores que fomentan os prexuízos raciais son:

- Heteroxeneidade da poboación convivindo e competindo.
- Ignorancia, falta de información e comunicación.
- Crecemento demográfico do grupo discriminado.
- Rivalidades e conflitos polo traballo.
- Propaganda tendenciosa.

-Actores do racismo:

Sen dúbida, un dos principais actores do racismo é o Estado. En calquera estratexia que se adopte fronte ao racismo, o Estado ten un papel central. Como exemplo temos os peores casos de racismo xenocida e institucional do século XX: o nazismo na Alemaña, o apartheid de Sudáfrica, o conflito de Ruanda en 1994. En todos eles os gobernos tiveron un papel preponderante tanto na promulgación de leis discriminatorias como na promoción de valores racistas. Non hai que perder de vista que o Estado ten nas súas facultades responsabilidades fundamentais como a educación, a promulgación de leis xustas, a administración imparcial de xustiza, e o mantemento de normas e valores de equidade na sociedade.

-Respostas das Víctimas.

As persoas que sofren racismo responden de diversos xeitos. Algunhas comunidades

internalizan os valores do sistema que as oprime. Moitos hindús de castas inferiores aceptan a súa condición por crer que foron moralmente culpables nunha existencia anterior. Ata certo punto, estas percepcións fatalistas atópanse tamén entre as comunidades indíxenas de Guatemala, México e Perú. A outro nivel, os nenos ou mulleres tenden moi particularmente a crer que se sofren discriminación ou abusos é porque son responsables ou parcialmente responsables do comportamento de que son obxecto.

Outra forma de resposta das comunidades oprimidas consiste en illarse do conxunto da sociedade que as oprime. Ás veces apóianse nunha cultura diferenciada, e poden facelo dunha forma introspectiva negativa. Esta resposta tamén internaliza, aínda que de xeito distinto, as expectativas do conxunto da sociedade. Outro exemplo, é a división das comunidades minoritarias nas cidades estadounidenses.

Ariadna García Bermúdez
Rosalía Gesto Barata
Claudia González Morales
Benito Lara Rosado
Borja López Álvarez

1º BAC Humanidades

VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia contra as mulleres está vinculada ao desequilibrio nas relacións de poder entre os sexos nos ámbitos social, económico, relixioso e político, pese a todos os esforzos pola igualdade. Constitúe un atentado contra o dereito á vida, á seguridade, á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica da vítima e todo isto supón polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

A violencia que padecen as mulleres comprende catro modalidades, que van dende a agresión física –con resultado de morte en moitas ocasións- á violencia sexual, á psicolóxica e á económica.

A maioría dos abusos non se denuncian á policía, principalmente porque non existen ins-

trumentos xurídicos, sociais e económicos axeitados que protexan as vítimas, o que fai que a violencia contra as mulleres siga sendo en grande parte un delito invisible.

E todo isto co agravamento de que a maioría dos ataques polo agresor, letais ou non, se efectuaron en presenza dos seus fillos, creando a miúdo un ciclo de violencia que perpetúa de xeración en xeración. Os tribunais tenden a minimizar a violencia non empregando todos os recursos dos que dispoñen. Case sempre se tramitan os casos como xuízos de faltas que a coitío son considerados polos xuíces como leves. Cando os malos tratos son tramitados como delito os xuíces impoñen as mínimas penas posibles, calquera dato serve de atenuante para o



agresor: que despois da agresión lle deu un vaso de auga etc...

A REALIDADE

Dende hai uns anos somos conscientes dun aumento das denuncias de malos tratos sufridos por mulleres. As mulleres maltratadas teñen uns corenta anos de media e no 65% dos casos están casadas ou en trámites de separación. En canto ás denuncias, moitas mulleres non denuncian o agresor por medo a que as maten, pero outras mulleres que o denuncian non son o suficientemente atendidas e os maltratadores seguen agredindo as súas vítimas.

Noutros casos non denuncian porque teñen fillos e temen que eles temen sexan agredidos a mans do seu maltratador.

A seguridade das mulleres ameazadas hoxe en día baséase na protección das vítimas e o alonxamento do seu agresor, pero aínda así moitas mulleres morren por non ter suficiente protección.

FALTA DE RECURSOS E INFORMACIÓN

Ademais do factor medo, a falta de recursos e de información tamén fai que moitas mulleres asemellen a súa "cruz" sen buscar alternativas. Nas grandes cidades cada vez se ofrece máis información sobre onde acudir e a que organismos informar dos feitos. Sen embargo, en pobos pequenos e capitais de provincia, a cousa complícase. Supostamente todo se coñece e os veciños saben o que acontece, pero non existen medios competentes aos cales acudir, non existe asistente social ou se o hai non ten recursos para que a muller maltratada poida fuxir.

Nestes casos é moi importante que a muller maltratada recupere o seu círculo social, o cal pode axudala a saír da súa casa, a poder instalarse noutro domicilio ou a mudarse de poboación, as forzas da orde que existen no pobo

deberían estar informadas e así o agresor reprimírase un pouco.

O feito de informar a persoas próximas dispostas a votar unha man fará sentir ao agresor menos poderoso e que a forza de manipulación que posúe perante a súa muller se debilite. Por isto se ocupan de illar as súas parellas, para que non teñan reforzo social e sexan submisas as súas demandas.

COMO ACTUAR ANTE UN MALTRATO

Cando o vemos desde fóra damos milleiros de solucións e pensamos qué faríamos na súa situación. A verdade é que é moi sinxelo opinar cando non se sofren todos os compoñentes que implican o ser vítima de maltrato e non só falamos de compoñente agresivo, dos golpes e as pelexas. Detrás dun maltrato hai unha situación de desprotección e de medo que axuda a que as mulleres non actúen. A inseguridade que senten o non saber a quen acudir e o medo as represalias fai que non pidan axuda e que os seus familiares máis achegados se vaian afastando. Elas mesmas son as que lles piden que non fagan nada, por medo á resposta do agresor. Teñamos en conta que pola noite na súa casa os dous estarán sós e non haberán ningún de que a poida socorrer.

Agora incluímos unha pequena enquisa que foi realizada a persoas de distinta idade e sexos, onde nos dan a súa opinión a cerca deste tema.

1.- Cre xusta a pena ou castigo imposto ós agresores/as?

- a) Non.
- b) Non, paréceme pouco.

2.- A que cre que é debido este tipo de agresión?

a) A unha forma mal entendida de autoridade ou poder que na maioría dos casos ven

determinada porque é o home o sustento económico da casa.

b) A un posible maltrato na infancia.

3.- Por qué cre que na maioría dos casos son as mulleres as que sofren este maltrato?

a) Pola incapacidade dos homes para poñerse no lugar da mulleres e pensar que o que “non queres que che fagan a ti non llo debes facer aos demais”. A muller é máis reflexiva e sempre ou case sempre pensa nos demais antes de actuar.

b) Porque o home ten máis forza física, e obrígaas a traballar na casa.

4.- Por qué cre que os agresores non teñen un sentimento de culpabilidade, e se o teñen cal é o motivo polo que seguen a facer o mesmo?

A) Porque foron educados dun xeito erróneo. Entenden mal o seu papel na familia. Non sei, paréceme increíble que sendo consciente do maltrato o sigas facendo.

b) Porque non senten que fagan algo malo, pensan que o que están facendo non é tan grave.

5.- Qué medidas crería convenientes para que este tipo de violencia diminuíse?

a) Hai que partir dunha boa educación. Quizais, para aqueles que xa están cometendo ese maltrato as penas máis duras de xeito que con elas se conciencen do que fan.

Non podemos esquecernos de que non só as mulleres sofren violencia, porque aínda que en menor porcentaxe, algúns homes tamén son maltratados. E para eles quizais sexa aínda máis difícil denunciar.

Finalmente, rematamos dicindo que todas as persoas maltratadas de calquera xeito se animen a denunciar. Nos condenamos calquera tipo de violencia de xénero, xa sexa física ou psíquica. Ninguén é superior a ninguén nin ten dereito sobre a vida de outras persoas. Unha parella debe ser unha relación de compenetración entre as dúas persoas, e non un “inferno” onde un teña toda a autoridade e non teña en conta a outra parte.

Rocío Liz Sierra e Iria Méndez López
1º BAC Tecnolóxico A

INMIGRACIÓN

A migración esta sendo ultimamente un tema de debate no noso país e en moitos outros que están desenvolvidos. Cada pouco tempo chegan as nosas costas esas pateras cargadas de persoas que buscan unha vida mellor, unha vida que non poden ter no seu país. Todo isto non ocorrería senón houbera pobreza, guerras e outras situacións que caracterizan este mundo, probablemente isto pareza unha utopía pero é necesario que todo iso acabe e que ninguén máis teña que marchar do seu país obrigado porque non pode sacar a súa familia adiante. Porque unha cousa está clara: os inmigrantes non veñen aquí de turismo, senón por unha necesidade.

Pero ao chegar aquí ás veces atópanse con algo que non era o que esperaban: salarios baixos, escravitude e moitas veces unha vida case tan mala como a que tiñan alí.

No noso país contamos cunha normativa regularizadora do movemento inmigratorio co

fin de que as persoas que entran poidan ter un contrato de traballo e unha vida máis decente.

A contribución dos inmigrantes nun país é moi necesaria onde as cotizacións melloran grazas á súa presenza e o máis importante: a interculturalidade, que é un valor incalculable para as persoas que miran en positivo.

Nos debemos entender mellor que ninguén a historia destas familias xa que nós noutrora tamén emigramos e fomos acollidos bastante ben por todos os países e oxalá que non teñamos que vivir o que o inmigrante vive.

Ángela González Galán
Mari Paz López García
Yolanda Marante López
Raquel Pardo Sánchez
Sara Rodríguez Capón

1º BAC Humanidades

O TRIUNFO DOS DEPORTISTAS ESPAÑOIS

O panorama do Deporte español estivo moi concorrido nos últimos anos. Unha serie de figuras que destacan neste ámbito e que teñen nomes como David Meca, que ten o récord da natación mundial por atravesar a nado ríos tan importantes coma o Amazonas, ou Pau Gasol, que é un dos primeiros españois en xogar na NBA estadounidense, enchen o noso espazo deportivo.

No mundo da Fórmula 1, destaca o noso piloto asturiano Fernando Alonso, que foi de conseguir por segundo ano consecutivo ser campión do mundo coa escudaría Renault. Esta temporada pasou a Mercedes McLaren.

No motociclismo destaca Dani Pedrosa, catalán, que con só 19 anos foi capaz de grandes logros en moto GP.

No ámbito futbolístico hai numerosas estrelas internacionais, pero entre os nosos futbolistas cabe salientar ao xogador do Atlético de Madrid Fernando Torres, ou ao porteiro do real Madrid Iker Casillas, que sobresaen polo seu éxito no terreo de xogo.

En Fútbol Sala os españois temos 4 vitorias na copa do mundo.

O Ciclismo déixanos nomes na historia moi coñecidos, como por exemplo o de Miguel Indurain, pero na actualidade temos a un galego moi salientable neste deporte: Óscar Pereiro, que

despois do escándalo da dopaxe do que se acusou ao gañador, quedaría de primeiro no Tour, se isto se chegara a confirmar.

O piloto de rallys Dani Sordo, que conduce un citröen C4, é unha das promesas deste deporte.

Por último, cabe mencionar ao noso tenista por excelencia, o mallorquín Rafael Nadal, o cal comezou a introducirse no mundo tenístico con só 4 anos e na adolescencia xa conseguira importantes títulos. Actualmente ocupa o número 2 no Tenis masculino mundial e ten 81 vitorias consecutivas na superficie de terra batida, o máximo conseguido neste tipo de pista en toda a historia do Tenis. De aí é que se considere un fenómeno e que se compare cos grandes do Tenis con só 29 anos de idade.

Como podedes ver, o noso deporte é moi variado e frutífero, xa que estamos rodeados de campións.

Vós que pensades, que nos poden gañar deportistas de outros países? Se os nosos mozos son os mellores! Ánimo rapaces!

Yolanda Ferreiro Arias
Yolanda Ferreiro Fernández
Rocío Díaz Pena
1º BAC Humanidades



POLO QUE CONTABA MEU AVÓ,...

Polo que contaba meu avó, había dous mozos nunha parroquia preto da nosa que eran como o día e a noite e, nembargante, moi amigos.

Dende agora imos coñecelos como Xosé e Xacobe. Non son os seus verdadeiros nomes pero a pesares de que xa morreron hai moitísimos anos, as persoas merecen un respecto e, se están mortas como neste caso, aínda máis.

Sempre segundo meu avó que tiña sona de coñecer ben o acontecido a Xosé e Xacobe por ser dunha idade que aproximaba á deles, por tomaren máis dunha rolda xuntos, por verse nas festas, funerais, cabodanos e sobre todo, dicía el, por ter escoitado dos propios mozos a historia que me contou e que eu tratarei de transmitir a quen isto queira ler, sempre, agardo coa licenza do meu avó.

O comezo era sempre o mesmo:

— Ande, padriño, cóntenos o de Xosé e Xacobe

— Non, es ti moi pequecho para escoitar esa historia.

— Logo terei que ir durmir para que estoutros o pasen ben

— Se así fas, habemos de pagarcho mañá cun pouco de pan con azucre, dicía miña tía a solteira, da que moito tempo escoitei que xa lle pasara o sol pola porta. Frase que non entendía e que moito me deu que matinar.

— Pois polo que me sabe o azucre voume para a cama e pensar nel para que logo me veña o sono.

O que eu facía era entrar no cuarto, espirme e volver saír axiña para tomarme boca abaixo e así poder escoitar mellor o que meu avó, andando o tempo, non tivo reparo en contarme. Espíame, a troques de pasar ben frío, porque se a alguén se lle ocorría subir aos cuartos e me tiña que meter na cama e taparme ben para que non descubrise que estaba vestido, como xa me pasara unha vez cando miña nai decidiu vir ver se eu durmía.

O comezo era sempre o mesmo:

— Non sei se vós coñecedes a Xosé e Xacobe, dous mozos amigos da parroquia de....., non digo o nome dela para respectar a súa memoria, como me ensinou meu avó, ao menos teredes oído deles, pois moito dan que falar, continuaba.

O caso é que se criaron porta con porta e que xa as familias eran moi amigas cando naceron.

A xente de Xosé e Xacobe, como podedes supoñer, traballan a terra coma nós, pero teñen un xeito distinto de entender a vida; na casa de Xosé non hai moita riqueza pero vanse amañando co que teñen, non o malgastan pero son....., como diría eu, son....., saben gozar da vida. Na casa de Xacobe trabállase día e noite para ter por ter, unha chica que entra naquela casa non volve saír.

Agora xa teñen idade de tomar un vasiño na taberna e mesmo de mocear, por iso disque o pai de Xosé dálle aos domingos algún cartiño para invitar cando chega a súa rolda ou invitar a rosquillas a algunha moza nas festas. Pola contra, o pai de Xacobe despáchao cun “divírtete moito pero a noite quero que me volvas o peso de prata que che emprestei porque é só para ensinar para poñelo no seu sitio. Pensa que tras un mozo aforrador andan as rapaciñas xeitosas pero tras un mozo aforrador e os pesos de prata andan as rapazas xeitosas e ricas”.

Sabedor Xosé do problema do seu amigo, trata de entrar o menos posible nas tabernas, non porque non lle guste tomar un vasiño ou unha copiña senón porque sabe que sempre ten que pagar el. Ata se priva, segundo din as malas linguas, de acercarse a algunha rapaza. Non porque non lle guste achegarse ben a elas senón porque, como andan cando menos en parella, ten que invitar as dúas e tamén a Xacobe para que lle dea conversa á desaparellada e a acompañe a súa casa de noite, mentres Xosé trata de roubarlle un bico ou o que pode á súa pola corredeira.

Nunha festa ocorreu como sempre; Xosé correu con todos os gastos e ao rematar acompañaron as mozas á casa e como é costume, para que as parellas se vaian coñecendo algo mellor en todos os sentidos, unha parella apura o paso e outra retrásao para que a distancia entre elas vaia aumentando. Parece que á rapaza acompañada por Xosé non lle desgustaba o mozo, ao Xosé non lle desgustaba ela e chegaron a un punto que lles apetecía facer un alto no camiño, pero a Carmiña, tal era a graza da rapaza, dixo que non podía ser, que qué ía pensar a súa compañeira, que xa se coñecían de vista, que era a primeira vez que a acompañaba, que el semellaba un mozo formal, que ela tamén tiña a súa honra e outras desculpas que poñen as mulleres cando un rapaz lles gusta para encelalo máis, pero como o Xosé insistía e insistía, ela, para terminar co tema, xa vendo a súa casa dixo: mira aquela fiestra dá o cuarto grande que ten catro camas, a miña, tal como

entras pola ventá, é a última que atopas. Xa a deixarei de tal xeito que o xoves poidas abrilas. Non fagas ruído.

Perde coidado, o xoves á medianoite estarei alí coma un cravo para coñecérmolos moito mellor. Bicouna e volveu repetir, o xoves á medianoite.

Non lle contou nada disto a Xacobe. Tampouco este lle deu moita ocasión de explicar por que ía tan ledo pois á volta o Xacobe pasou todo o tempo queixándose de que a moza que lle tocara non lle parecía propia para el pois xa lle preguntara se tiña moitos leiros, se tiña moitas vacas, se tiñan moitos cartos, que a casa dela semellaba cativa, que por guapa podía pasar pero que lle contara que nin había moitos leiros nin moitas vacas e cartos ningún e que vivían moi felices co que tiñan.

Como se pode ser feliz sendo tan pobre?, preguntáballo a Xosé. Porque non todo o mundo pensa coma ti e a túa xente. Para, vouche facer unha pregunta, es feliz? Espetoulle Xosé. Non, foi a resposta, E logo de que xeito serías feliz? Traballando a reo para gañar moitos cartos, casando cunha muller tan rica ou máis ca min e tendo unha burra que cada día me cagara un peso de prata.

Xosé comezou a rir a gargalladas e pouco despois grosas bágoas esvaraban polas súas meixelas.

- Dásme pena. Non che ensinaron para que viñeches a este mundo. Dásme pena, de verdade.

Chegou o xoves tan esperado por Xosé e as doce da noite, descalzo, estaba saltando pola fiestra que xa coñecía e dirixiuse a cama coa que tanto soñara. Espiuse, meteuse nela e despois de percorrer coas mans cada centímetro cadrado do corpo da moza, despois de bicala por todas partes, os desexos dos dous fixéronse un.

Antes do amencer Xosé camiñaba ledo, moi ledo, cara a súa casa.

Non podía apartar do seu pensamento aquela moza. Era feliz, moi feliz e agardaba impacientemente o día da feira para ver a rapaza dos seus soños. O día chegou e nada máis vela foi saudala pero a moza deu media volta e deixouno coa palabra na boca. Non entendía nada. Pensaba e pensaba se faría algo mal. Revisaba mentalmente todo o ocorrido aquela noite e non atopaba ningún erro pola súa parte. A dúbida estaba roendo nel. Éralle menos cruel pensar que había outro mozo que a dúbida que o roía. Buscouna por toda a feira, atopouna e esta vez non lle deu tempo a escapar.

- —Que che fixen?
- —Nada

- —Que che fixen?

- —Nada

• — Non teñas vergoña. O que pasou o xoves fixo nacer en min algo que nunca sentira. Supoño que estou namorado e só quero dicirche que pasaría ao teu carón todos os días da miña vida.

- — O xoves non pasou nada. Non viñeches

- — Si

- —Non.

- A moza, de súpeto, pareceu adiviñar.

- — Creo que che debo unha aclaración.

Pensando que tiñas que andar todo o cuarto e poderías facer moito ruído, co pretexto de que tiña moita calor, pedinlle a miña avoa que me cambiara a cama por aquela noite. Debín quedarme durmida e non te sentín para avisarte onde estaba eu.

• Xosé quería que a terra o tragara. A suor invadíalle o corpo, as pernas tremábanlle, a súa cara semellaba un tomate. Reaccionou o fin e dixo: Se túa avoa me deu tanto pracer, seguro que ti me derretes.

• —A ti heiche ensinar a distinguir entre unha vella e unha moza.

- —Iso agardo

• E os dous botaron a rir. Con aquel riso naceu un amor que aínda dura. Logo casaron.

• Meu avó engadía, para rematar, que ser avoa era cousa boa se tes netas que che procuren mozos para que che dean ledicias como a que lle deron á Filomena.

• Ao final da historia seino eu, meu avó xa non a viu. Xosé casou con aquela moza, quíxoala de verdade, (ás veces a felicidade tráecha un erro), criaron catro fillos como eles foran criados, con cariño e ensinándolles que ter como meta nesta vida correr detrás dos cartos é a mellor forma de non chegar nunca a ser feliz. Para iso contábanlle o caso de Xacobe. Casou cunha muller rica, eran moi ricos pero andaban todos os días a paus. Toda a súa vida foi unha desgraza.

• O que non sei é se se cumpriu o desexo de Xacobe de posuír unha burra tan especial.



14-05-07

